

ACORDO do 22 de xuño de 2022, da Xefatura Territorial da Coruña, polo que se someten a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a autorización administrativa de construción, o estudo de impacto ambiental (EIA) e o proxecto de interese autonómico (PIA) do proxecto do parque eólico Legre, nos concellos de Mesía e Oza-Cesuras (A Coruña) (expediente IN408A 2020/097), DOG Núm. 126, de 4 de xullo de 2022. **Fin prazo para alegacións: 18 de agosto de 2022.**

[https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20220704/AnuncioV0653-230622-0002\\_gl.html](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20220704/AnuncioV0653-230622-0002_gl.html)

<https://ceei.xunta.gal/transparencia/informacion-publica/en-tramitacion/instalacions-de-xeracion>

NOME DO PROXECTO	PROMOTORA	MUNICIPIOS AFECTADOS	CARACTERÍSTICAS
parque eólico Legre (expediente IN408A 2020/097)	Green Capital Power, S.L. CIF: B85945475	Mesía e Oza-Cesuras (A Coruña)	<p>- 7 aeroxeradores modelo SG170 ou similar de 6 MW. Os aeroxeradores LEG-01, LEG-02, LEG-03, LEG-05, LEG-06 e LEG-07 estarán limitados no xerador individualmente a unha potencia unitaria de 5,42 MW e o aeroxerador LEG-04 a unha potencia unitaria de 5,43 MW. A potencia activa máxima do parque será 37,95 MW, de acordo coa potencia admisible no punto de conexión. Os aeroxeradores terán unha altura de buxa 115 m e diámetro de rotor 170 m.</p> <p>- 7 centros de transformación tipo seco de potencia unitaria aproximada 7.200 KVA e relación de transformación 0,69/30 kV, coas súas correspondentes celas de protección e manobra dos circuitos de 30 kV.</p> <p>- Rede eléctrica soterrada de 30 KV, de interconexión entre os centros de transformación dos aeroxeradores e a subestación transformadora do parque de 30/132 KV, composta por 3 circuitos con condutores tipo RHZ1 -2OL 18/30 KV de seccións 95, 400 e 630 mm<sup>2</sup> de aluminio.</p> <p>- Rede de terras xeral de modo que as instalacións electromecánicas e subestación do parque eólico formen un conxunto equipotencial. A rede de terras dos aeroxeradores será mediante cable de acompañamento de cobre de 50 mm<sup>2</sup> de sección, irá instalado na mesma gabia que a rede eléctrica soterrada de 30 KV e conectarase ás pletinas de posta a terra dos aeroxeradores e das celas de media tensión da subestación, este condutor en contacto directo co terreo actuará como eléctrodo horizontal. Para realizar a rede de terras da subestación, enterrarase unha malla básica de eléctrodos de cobre espido de sección 95 mm<sup>2</sup>, paralelos en dirección lonxitudinal e transversal ao recinto, formando retículas practicamente uniformes en contacto co terreo natural.</p> <p>- Rede de comunicacións constituída por condutor de fibra óptica.</p> <p>- Unha torre meteorolóxica de 117 m.</p> <p>- A subestación Legre 132/30 kV disporá dun edificio de control, con salas independentes para distintos usos. Prevense as salas de oficina, vestiario, aseo, comedor, sala de celas, sala de protección e control, sala de scada e sala para almacén e taller. O parque intemperie estará composto por un transformador de potencia de 132/30 kV e todos os elementos asociados a este.</p> <p>As instalacións principais da subestación divídense en:</p>

- Sistema de 132 kV.
- Sistema de 30 kV.
- Sistema de control, comunicacións e protección.
- Sistema de posta a terra.
- Servizos propios subestación.

A configuración no nivel de 132 kV da subestación é a seguinte:

Posición liña/transformador:

- Tres autoválvulas na entrada de liña AT de 132 kV.
- Tres transformadores de tensión de 132 kV.
- Un seccionador tripolar con posta a terra de 132 kV.
- Un interruptor trifásico automático de 132 kV con mando unipolar.
- Tres transformadores de intensidade de 132 kV.
- Tres autoválvulas para protección do transformador de potencia de 132 kV.
- Un transformador de potencia de 35/45 MVA e relación de transformación 132/30 kV (ONAN/ONAF) con grupo de conexión Ynd11.

A configuración no nivel de 30 kV da subestación é simple barra, cos conxuntos de celas seguintes:

Barras transformador:

- Unha cela de protección de transformador de potencia.
- Unha cela de transformador de servizos auxiliares.
- Tres celas de seccionamento con posta a terra (procedentes das sub-barras do parque).
- Unha cela de protección batería de condensadores.

- Medida de tensión en barras.

PE Legre.

- Catro celas de protección de liña (circuitos colectores procedentes do parque eólico)
- Unha cela de seccionamento con posta a terra.
- Medida de tensión en barras.

Para a montaxe de todos os elementos empregaranse estruturas metálicas.

– A enerxía producida evacuarase a través dunha LAT denominada «LAT 132 KV evacuación PE Legre». A dita liña parte da SET do PE Legre ata entroncar no apoio nº 44 da denominada «LAT 132 KV SET PE Abrente-SET PE Gasalla», e desde esta subestación a través da «LAT 132 KV PE Gasalla-SET colectora Mesón», evacúase a enerxía xerada no PE Legre e nos demais parques do clúster, que elevan a tensión na «SET colectora Mesón 132/220 kV», onde evacúan a enerxía producida outros parques desta sociedade, así como doutros promotores. O punto final de conexión á rede é a SET Mesón do Vento 220 KV pertencente a REE.

Os proxectos de liñas e subestacións a que se fai mención anteriormente son obxecto de proxectos independentes e se encóntranse en estado de tramitación.

#### Obxecto da información pública:

A solicitude de autorización administrativa previa, a autorización administrativa de construción, o estudo de impacto ambiental (EIA) e o proxecto de interese autonómico (PIA) das instalacións.

#### Documentación que se expón:

1. O proxecto de execución (xaneiro 2022-visado 6.4.2022).
  - 1.1. Plano xeral do proxecto do parque eólico.
2. O estudo de impacto ambiental (EIA) (outubro 2021-asinado 30.3.2022).
3. O proxecto de interese autonómico (PIA) (xaneiro 2022-visado 24.1.2022).